

MAREA HUMANA

[Ai Weiwei, 2017]

364

ESTREA EN NUMAX: 06.04.2018 | V.O.S.E. | +12

Human Flow (2017, 144')

Dirección: Ai Weiwei

Guión: Boris Cheshirkov, Tim Finch, Chin-Chin Yap

Son: Yves Goossens Bara

Montaxe: Nils Pagh Andersen, Menno Boerema, Martin Hoffmann

Música: Karsten Fundal

Fotografía: Zanbo Zhang, Xie Zhenwei

Produtoras: 24 Media Production Company, AC Films,

Ai Weiwei Studio (EEUU)

Distribuidora: A Contracorriente

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Ordos 100, 2012

Disturbing the Peace, 2009

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Sección oficial),

Satellite Awards 2017 (Nomeado a

mellor documental), SEMINCI 2017

(Sección oficial)

SINOPSE

A crise global dos refuxiados a través de gravacións e entrevistas en 22 países. O director Ai Weiwei captura con intelixencia a magnitude e o problema da emigración, retratando o sufrimento de 65 millóns de persoas obrigadas a desprazarse do seu fogar, o número máis alto de refuxiados nunca visto na historia, a causa das guerras, a fame ou o clima.

«O documental máis necesario e completo feito até a data sobre a actual crise de refuxiados do planeta»

David Ehrlich, INDIEWIRE



“A estrutura líquida do filme reflexa a incerteza que experimentan os refuxiados”

Declaracións do director

Podo falar d'A *marea humana* de moitas maneiras distintas. En primeiro lugar, desde a miña experiencia persoal. Ao pouco tempo de nacer meu pai foi desterrado por anticomunista. Tivemos que abandonalo todo e meu pai foi tratado como un inimigo do estado. Na miña xuventude medrei vendo os peores tratos, discriminacións e privacións que pode recibir un ser humano.

En segundo lugar, ao vir a Europa tiña moitas ganas de entender o que realmente sucede coa situación dos refuxiados. Fun a Lesbos ver a illa á que chegaban máis refuxiados. Foi unha experiencia moi impactante velos chegar en barcas: nenos, mulleres e xente maior. Podía ver nos seus rostros unha expresión de incerteza. Tiñan medo e non sabían o que ían atopar nesta nova terra. Iso fíxome querer saber máis sobre quen era esta xente e por que arriscaran as súas vidas para chegar a un lugar onde ninguén os entendía. Tiña moitas preguntas.

Esa curiosidade levoume a establecer un grupo de investigación moi grande para estudar a historia dos refuxiados e o seu estado actual. Ademais da guerra de Siria, xurdiron novos refuxiados polas guerras de Afganistán e Irak, os conflitos

palestinos con Israel, a persecución de grupos minoritarios en Myanmar ou a violencia en Centroamérica. Foi unha experiencia de aprendizaxe moi grande que me permitiu aprender sobre a historia da humanidade, a xeopolítica, os cambios sociais ou ambientais.

A teimosía do optimismo

Cada día xurdía unha cantidade enorme de historias. Pero o que máis me impresionou foi a determinación dos refuxiados. Na miña opinión reciben un trato moi inhumano. Nos campos podes conseguir un bocadillo pero tes que agardar nunha ringleira durante dúas horas. En moitos casos non hai electricidade, polo que a noite chega moi cedo e vai moito frío. Hai chuvia e lama e non hai sumidoiros. A vida é moi dura pero a xente está decidida a fuxir e manteñen a fe en que o mundo occidental lles pode achegar un intre de paz e unha educación para o futuro dos seus fillos.

A ollada documental

A xente adoita dicir que o documental retrata a realidade. O documental reflexa o que vemos e experimentamos na vida real mais non é exactamente a realidade porque comprime o tempo. Así pois, cando vemos *Marea humana* o que non se sente é o modo en que as experiencias dos refuxiados se fan insoportábeis debido á amplitude dos tempos. Por tanto unha película nunca pode dicir toda a verdade pois esta resulta insoportábel.

A comunidade internacional

Hoxe, sinto que como persoa estou obrigado a facer un esforzo para que a

xente sexa máis consciente de que os refuxiados non son diferentes de nós en ningún modo. Non son terroristas e retratalos como tales si que é comportarse como un terrorista. Son seres humanos e a súa dor, a súa leducia, sentido da seguridade e da xustiza non son diferentes dos nosos. No mundo hai moitos sistemas diferentes, pero todos os poderes deberan ter un obxectivo en común: protexer a humanidade. Penso que cando os políticos se esquecen dos valores esenciais e dos dereitos humanos, tan só conseguen que aumenten as crises. Chegou a hora de que a comunidade internacional aborde o tema dos refuxiados e estableza unha discusión seria sobre o problema.

Como se fixo

A enorme escala e incertezas do filme forzaron a que a forma se convertese en proxecto. Deste xeito a estrutura líquida consegue reflectir as sensacións de incerteza, de tempo indefinido, de expectativas, que é exactamente o que os refuxiados experimentan. A decisión de viaxar ao maior número de países posibeis que experimentasen crise de refuxiados conformou o filme. A mesma escala de produción era un reflexo da escala da emerxencia, e converteuse nunha presenza por dereito propio na película, un elemento que lembra o interconectado que está o mundo en que vivimos.

Publicado en image.net
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Etienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' O 400 golpes

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emociona dende o primeiro momento»
Daniel de Partzarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

COOPERACIÓN: Nobuhiro Suwa (COORDINADOR) Jean-Pierre Léaud, Pauline Etienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Sampsy, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade (COORDINADOR) Nobuhiro Suwa, DIRECTORES DE FICHAJE EN MINEUR (E) (E) Pierre Léaud (COORDINADOR) Tom Harari (E) Florent Klockenbring, Emmanuel Crosset (COORDINADOR) Thomas Gréaud (COORDINADOR) Inés De La Bevière (COORDINADOR) Martial Salomoni (COORDINADOR) Olivier Marguerit (COORDINADOR) Michiko Yoshitake, Jérôme Dopfner (COORDINADOR) Yuji Sadai (COORDINADOR) Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée (COORDINADOR) Région Provence-Alpes-Côte d'Azur, (COORDINADOR) Département des Alpes-Maritimes (COORDINADOR) CNC (COORDINADOR) Agency for Cultural Affairs do Goberno de Xapón (COORDINADOR) FILM-IN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End (COORDINADOR) NUMAX Distribución

EUROPA CINEMAS CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME